

Un 17 de maio

Falase moito nos foros da política estatal dunha España multicultural, plural, respectuosa coa diversidade dos pobos e nacións que a integran.

Ben, analicemos un día máis a realidade, vexamos se concorda con esa abstracción. 17 de Maio, Día das Letras Galegas, vexamos en cantos medios de comunicación do eido estatal se fan eco deste día. Vexamos cantos cidadáns non galegos consideran este, un día significativo desa riqueza cultural da nación española, a ver cantos se preocupan da evolución do uso do galego.

A ver cantos non galegos, se preocupan polo fomento da aprendizaxe do galego fora de Galicia, ou sen ir máis lonxe na propia Galicia.

Das charlas e discusións con amigos de diversos puntos de España, moitos dos cales se autoproclaman persoas de mente “aberta”, espírito libre, progresista e bla, bla, bla, non podo sacar peor conclusión: aspiran a ternos contentos mantendo a nosa lingua como unha peceña de museo, “ái que bonitiña que é” e “qué guais somos, y qué buen rollito nos traemos, camarero ponga otra ronda”.

En canto manifestamos calquera mostra de orgullo, de sentimento, ou de pura argumentación lóxica da nosa condición de galegos como pobo con identidade propia definida, de fomento da presenza da nosa lingua en ámbitos da vida dos que antano foi expulsado (con artes perversas cando non directamente a hostias), de desexo de acadar para a lingua galega o mesmo status que ten o castelán, etc....saen alporizados do armario, e non en poucos asoma un regusto de prepotencia que tira para atrás.

Entón me pregunto en qué consiste ese espírito de respecto pola diversidade cultural do que tan oufanos fan gala. Semella que se cren con autoridade para relegarnos a un plano de subordinación en canto á toma de decisións sobre o que queremos facer co noso. É máis, sóbense con sospeitosa axilidade a un púlpito de superioridade moral para soltar unha sucesión de empanadas ideolóxicas, e concluir que temos o que temos porque se nos da permiso para tal. Semella que ese seu respecto pola nosa lingua, esa súa concepción da diversidade cultural é unha simple construción publicitaria, baixo a que

subxacen unhas inercias de pensamento de orixe incerta e se cadra pouco a ver con piares axiomáticos asentados nun contexto de liberdade.

Esto é extensible a todos os eidos da vida, cada vez que tentamos facer defensa do noso, temos que acompañar a expresión das nosas ideas cunha especie de anexos explicativos, como pedindo perdón dándolle voltas á boina entre as mans, ou como se tiveramos que facer confesión das nosas tendencias políticas, da concepción que temos de España, e de cómo nos vemos en relación con España. Isto é sinxelamente ridículo. Pero velaí andamos, facendo sempre esforciños como o que anda con ovos, non vaia ser que se nos alporicen no reino. Cando en realidade tiñamos que camiñar seguros como o fan os pobos plenamente conscientes do seu potencial, os pobos que creen en si mesmos, e non andan a pedir o beneplácito dun estado paternalista para se desenvolveren, para conquistaren o mellor futuro posible.

Cando vexo nada menos que a un Presidente da Xunta neses transos, de andar pisando oviños, cociñando abstraccións conceptuais, rebuscando matices, metendo a puntiña nada máis... se me cae a alma aos pes. Non vaia ser que pensen por aí fora que somos provincianos, nacionalistas no sentido pexorativo (curiosamente o sentido preferido polos nacionalistas españois para referirse aos demais), ou incapaces dunha vocación universalista nas nosas expresións culturais, de acadar vangarda nas estruturas socioeconómicas, etc.

Baixo esa actitude anda en pleno apoxeo o cancro que mantén convalescente á sociedade galega. Non sei se somos, pero parecer parecemos un pobo que non cree en si mesmo. Vamos a remolque, sempre á espera a ver qué carallo fan os demais, e as nosas ideas, no amplo sentido do concepto, poñémolas a macerar nunha especie de purgatorio galaico case que pedindo perdón se nos da por camiñar un paso máis adiante, cun medo a facer vangarda que lle ronca o nabo.

Pero volvamos ao asunto da Lingua. Sería difícil de crer a día se hoxe, que unha persoa cun mínimo de forma-

ción e cultura, dubide que a lingua propia é o maior paradigma do patrimonio inmaterial dun pobo. A Lingua, non é unha abstracción que deba ser obxecto de uso político no sentido de marketing electoral, a lingua é unha realidade que conta con moitos séculos de existencia como forma de expresión propia dun pobo.

Non se trata dun exercicio de sacralización, senon simplemente de recordar unha realidade: a lingua é un elemento común propio dun pobo, un elemento máis antigo que calquera das nosas estruturas sociais, económicas, políticas. Máis antigo que o concepto mesmo de nación, estado moderno, máis antigo que os vellos reinos, que as revolucións sociais que nos trouxeron a modernidade, que as ideoloxías políticas exhibidas polos diversos partidos políticos.

A protección de algo así, no sentido de responsabilidade de transmisión interxeracional ao través do tempo, ten que estar moi por encima de calquera consideración política parcial, e ten que ser allea ás potenciais veleidades e ocorrencias dunha xeración concreta, allea ao circunstancial e efémero reparto relativo de poder entre as forzas do abano político dun puñado de lexislaturas.

Sería difícil de crer asemade que esa mesma persoa, dubide de que a protección de algo desta envergadura precisa do establecemento de leis con procedementos que garantan a estabilidade, é dicir, falando claro: evitando que unha xeración de políticos paspáns poñan en risco semellante patrimonio, deixándoo á intemperie dos vendavais do capitalismo máis voraz, da globalización da estupidez humana e da inxustiza social.

Ben, non obstante isto, a necesidade de establecer normas, que practicamente ninguén ten dificultade en asumir cando falamos de circular polas estradas, de competencia matemática nos currículos no ensino obrigatorio, de contribución mediante impostos, de responsabilidade social e medioambiental das empresas, etc resulta especial e curiosamente dificultoso para moitos deses mesmos, asumir normas que teñan que ver co uso da lingua pro-

pia no espazo público, institucións, colexios, ou exposición de informacións ao público. Ás primeiras non lles chaman imposicións, chámanlles leis, normas, regulamentos, convenios etc e parecen vir bautizados por bo padriño. Pero ás que nacen da necesidade de protección da lingua propia, chámanlles imposicións, estas parecen vir estigmatizadas de nacemento.

Están pasando neste país, cousas raras raras raras. Aparecen novos partidos que fan bandeira do victimismo de hipotéticos maltratados castelán falantes en “territorio comanche”, Rosa Díez vai ao parlamento a berrar que o castelán está en perigo en Galicia, Euskadi, e Catalunya, que se atenta contra a liberdade lingüística. Alucinante!!

Aparecen novas asociacións que fan actos itinerantes, arrogándose a defensa do bilingüismo, facendo ese mesmo victimismo, propagando a idea de que se está a facer cos castelán falantes o que se facía cos galego falantes no franquismo, a-lu-ci-nan-te, esto só pode ser unha burla, unha broma, ou o máis probable: sustento para a extraxia política de determinada franxa ideolóxica, proporcionado por parte da súa base social con máis folgos para esta clase de “activismo”.

Fálase de imposición, de atentar contra a liberdade de elección. Insinúase que nos desbordamos do marco Constitucional, cando saben perfectamente que en Galicia está plenamente garantido o cumprimento do mandato constitucional de que todos coñezan o castelán, e a liberdade individual do seu uso.

Chámanlle discriminación á existencia de coñecemento do galego para os empregados públicos. Haberá que revisar logo o concepto de discriminación, ou se cadra é que o meu dicionario ven con erratas. Porque que eu saiba, as esixencias para optar a un emprego público en Galicia son exactamente as mesmas para todo o mundo. Entre elas está a de ter coñecementos de galego, e logo qué pensan, que nos nacemos con el aprendido?

A lóxica necesidade de educar aos nenos procurándolles competencia lingüística nas dúas linguas non a ven lóxica. E reclaman a existencia de cole-

xios para ensino só en castelán.

Asumen infinidade de normas que afectan ás empresas, á comercialización de produtos, moitas delas de carácter autonómico, ou local. Estas non as consideran imposicións, pero si un decreto lles obrígase a garantir o dereito do público a ler información técnica, comercial etc en galego falan de imposición.

Esto é ridículo.

Falan de que o auxe dos nacionalismos está detrás do que en realidade é un camiñar, lexítimo pero retardado polo fraguismo, ao pleno desenvolvemento dunha lei de normalización lingüística establecida a principios dos anos 80. Lean esa lei, fagan o favor. Entre outras cousas, estableceu que a lingua no ensino é o galego, que está prohibida a segregación de alumnos en colexios diferentes por motivo da lingua, que os cidadáns galegos teñen dereito a ver expresada na lingua propia toda información destinada ao público.

Fagan o favor de ler a lei, e analizar a realidade. E despois reflexionen si é sostible sen falacias o discurso de asociacións que están xurdindo “en defensa do castelán maltratado” “en defensa da liberdade ameazada” “contra os malvados ‘ismos’ políticos periféricos”

Non se deixen confundir tan facilmente.

Pola miña parte, non permanecerei pasivo ante estas actitudes. Eu as interpreto como dificultade de asumir que o pobo galego ten lexitimidade para legislar sobre os seus asuntos, e se cadra nalgúns casos unha negativa puramente “chulesca” a respectalo. E non esquezamos que en realidade só estamos en camiño de desenvolver o establecido nunha lei aprobada a principios dos anos 80.

O único que me suxiren estas actitudes é reafirmarme na miña condición de galego, e no desexo de acadar as maiores cotas posibles de independencia para o pobo galego gobernar os seus asuntos.

Se cadra precisamos en Galicia máis forzas políticas de ámbito da comunidade autónoma. Pensaremos nesta posibilidade.

Asdo: **Eloi Barro**
elobarr@gmail.com

A pasada semana do 21 de abril produciase un corremento de terras no marxe Norte das obras da autovía AG-64 ao seu paso polo lugar da Mourela no concello eumés das Pontes de García Rodríguez. Ao redor duns quince metros de terreo, víñanse a baixo producindo un considerable desprendemento de firme que ía a parar ao fondo da gabia. Na actualidade a situación debe ser considerada como moi grave, tendo en conta a proximidade do elemento catalogado GA15070127, co marxe Norte da autovía. A penas tres metros separan a estrutura arqueolóxica do marxe do talud. Unha situación que empeorará nas vindeiras horas de seguiren a persistir as choivas na zona, o que pode ocasionar novos desprendementos e dar coa mámoa no fondo da autovía. Esta situación sería a todas luces moi grave, tendo en conta os compromisos establecidos pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, no comunicado emitido o 5 de xuño de 2007, por mor do levantamento da cautela sobre os restos do círculo lítico da Mourela, que a continuación se transcribe:

“Na zona próxima aos restos do

Comunicado da Plataforma na Defensa do Patrimonio Pontés: Un corremento de terra na gabia da Mourela ameaza unha mámo. O monumento megalítico atópase a tan só tres metros do talud.

círculo lítico existen tres mámoas ás que non lle afectarán as obras da autovía”. As mámoas non están afectadas. O resto dos xacementos arqueolóxicos localizados nesa área, os denominados túmulos tan só están afectados en parte do seu ámbito de protección, non no xacemento mesmo, polas obras de construción da Autovía Ferrol-Vilalba. Estas mámoas son visibles e recoñecibles, e para elas trazáronse uns ámbitos de exclusión de obras nos estudos arqueolóxicos levados a cabo con motivo da elaboración do proxecto construtivo da autovía, *establecéndose as medidas protectoras e correctoras necesarias para que se conserven na súa integridade.*

Á vista de toda a documentación, dos datos que obran no expediente e dos informes dos Servizos Técnicos, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu unha resolución

informando favorablemente a continuación das obras da Autovía Ferrol-Vilalba, treito As Pontes Cabreiros, na área cautelada da Mourela, baixo as seguintes condicións:

- Manteranse balizados os ámbitos de exclusión de obra dos xacementos Mourela 4 (GA15070127), Mourela 6 (GA15070130) e Mourela 7 (GA15070129), nos que non se poderá levar a cabo ningún tipo de obra, e o trazado, na medida do posible, alonxarase destas áreas de exclusión reducindo as dimensións dos noiros ou taludes proxectados. A situación destes elementos e os seus ámbitos deberán figurar na cartografía de obra.

Nunha comunicación remitida o pasado 21 de abril ao Dir. Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, D. Felipe Arias Vilas, dende a plataforma solicitamos coñecer cales van a ser as medidas a activar para preser-

var a integridade do ben ameazado e se van a esixir algún tipo de responsabilidade á COTOP, como promotora e responsábel do proxecto. Cremos que a situación que se está a producir non é froito do azar ou a mala sorte, estamos convencidos de que isto era previsíbel, tal e como vimos manifestando en repetidas ocasións dende o mes de novembro pasado, e non entendemos como non se tomaron as medidas oportunas a tempo, tales como a escavación da mámoa afectada, nun momento no que a seguridade dos arqueólogos non estaba ameazada. Parece pois que este novo corremento de terras na zona, non contou coa suficiente previsión por parte das autoridades competentes en materia de protección do patrimonio nin foi anticipada polos responsábeis da execución da autovía, poñendo deste xeito en serio risco a integridade dos bens patrimo-

niais e a propia seguridade das edificacións colindantes. Neste intre, máis de 50 metros de desnivel e unha profunda fenda no terreo están a arriscar a conservación dunha parte do noso patrimonio. No mes de xuño do pasado ano, xa tivemos que ver tamén como as máquinas remataban con miles de anos de historia, destruíndo os restos do círculo lítico e partindo en dous a necrópole, por medio dunha gabia. Agora, a falla de previsión e o incumprimento dos compromisos establecidos para a integral conservación das mámoas e dos seus ámbitos de exclusión, veñen a por en evidencia a rigurosidade dos controis arqueolóxicos na zona. É neste intre, cando o berro mouro do Canto Máis? cobra forza e significado. De novo debemos preguntarnos: Canto máis teremos que agardar para poder ver aos mecanismos administrativos que garantan a conservación e preservación do noso patrimonio, desenvolver eficazmente o seu traballo? A proposta do túnel, esquencida no caixón dalgún despacho de San Caetano, debería facernos reflexionar sobre a súa idoneidade, como fórmula para non ter que lamentar males maiores.